

DEPTO. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

LITERATURA UNIVERSAL - 1º BAC.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN A TER EN CONTA PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Lectura e comentario de textos pertencentes aos distintos xéneros e representativos da literatura universal.
2. Elementos caracterizadores das obras de lectura obrigatoria.
3. A literatura na Antigüedad: a épica e o teatro clásicos.
4. A literatura medieval e prerrenacentista: Petrarca, Boccaccio.
5. Renacemento e Clasicismo. Teatro clásico francés e inglés.
6. A Ilustración francesa e os enciclopedistas.
7. O Romanticismo europeo. Alemaña, Inglaterra e Francia.
8. Panorama xeral do Realismo e Naturalismo. Ibsen, Flaubert, Stevenson.
9. A literatura na primeira metade do s. XX: literatura finisecular e do período de entreguerras, renovación da narrativa e do teatro. Autores representativos.
10. A literatura na segunda metade do s. XX. A literatura fantástica. A novela policíaca. A narrativa norteamericana contemporánea.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación establecidos son os seguintes:

- Ler, comprender, analizar e comentar obras breves, fragmentos ou obras completas significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e os/as autores/as significativos/as.
- Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas, relacionando a súa forma e o seu contido coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, e coas transformacións artísticas e históricas producidas no resto das artes.
- Ler e analizar as obras de lectura obrigatoria.
- Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgúns temas e formas creados pola literatura e o seu valor permanente en diversas manifestacións artísticas da cultura universal
- Analizar e comparar textos da literatura universal e das literaturas galega e española da mesma época, pondo de manifesto as influencias, as coincidencias e as diferenzas entre eles.
- Realizar traballos críticos sobre a lectura dunha obra significativa dunha época, interpretándoa en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal.
- Realizar exposicións orais ou escritas acerca dunha obra, un/unha autor/a ou unha época con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, valorando as obras literarias como punto de encontro de

ideas e sentimentos colectivos e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Realizarase como mínimo unha proba escrita en cada avaliación que abrangan os contidos estudados. No caso de facer máis de unha, a nota mínima que o alumno debe acadar en cada unha delas é de 3,5. Se a nota é inferior a 3,5 en calquera das probas da avaliación, non se fará media coas demais e considerarase dita avaliación non superada ou suspensa. Asimesmo, o profesor fará unha media ponderada dos exames realizados na avaliación, atendendo aos contidos impartidos. Unha vez efectuada dita media, a nota mínima que o alumno debe obter para considerar esta aprobada ou superada é 5.

A final de curso poderán establecerse probas parciais ou globais para aqueles alumnos que non superaron algunha das avaliacións ó longo do curso. Como norma xeral, aqueles alumnos que teñan unha avaliación non superada ou suspensa farán unha proba de recuperación parcial desa avaliación. Os alumnos que teñan máis de unha avaliación non superada ou suspensa realizarán unha proba ou exame global que abrangan todos os contidos da materia impartidos durante o curso. A nota mínima que o alumno debe acadar nestas recuperacións (tanto parcial como global) para considerar o curso aprobado na convocatoria de xuño é 5.

Os alumnos deben ter demostrado a final de curso ter lidas todas as obras de lectura obrigatoria propostas e dominar aquelas cuestións fundamentais en canto á súa estrutura, temas, análise de personaxes, recursos literarios, e outras cuestións salientables, que afecten a cada unha delas. A superación das probas propostas en relación aos libros de lectura é condición indispensable para a obtención dunha cualificación positiva na nota final do curso e na avaliación extraordinaria de setembro.

Para a avaliación extraordinaria de setembro establécense os seguintes puntos:

- ✓ Só se terá en conta para a cualificación o exame realizado.
- ✓ Serán materia de exame as lecturas obrigatorias marcadas durante o curso.
- ✓ O profesor que así o estime poderá mandar traballo de verán a aqueles alumnos suspensos na convocatoria de xuño.

Finalmente, hai que sinalar que o profesor poderá descontar ata un máximo de dous puntos por erros continuados no uso escrito da lingua (adecuación, coherencia, cohesión, ortografía).